

Á ÚLTIMA

¿CONSEGUIRÁ O CALVO XIRIA SOBREPASAR AO SEIS DO NADAL NA RECTA FINAL DA LIGA?

PLENO AO 15



A bo seguro que ao noso protagonista da Última lle gustaría que o pleno ao 15 do titular se referise á quiniela... Pero non é así. Falamos de Pablo e a súa magnífica racha desde o punto de penalti. Desde que no partido contra á SAR, en Redondela, o Calvo Xiria errara sete dos

nove lanzamentos de penalti que intentara, o central carballés asumía a responsabilidade e lograba transformar quince lanzamentos seguidos desde os sete metros. O porteiro do Lalín, na foto, foi unha das vítimas do bo facer de Pablo desde o punto de penalti.

O DATO

PABLO ERROU O PRIMEIRO PENALTI QUE INTENTOU FRONTE A O SUSO FERNÁNDEZ RIBEIRO EN CARBALLO, POÑENDO FIN A ESA MAGNÍFICA RACHA DESDE OS SETE METROS

Calvo

XIRIA BM



FEBREIRO

ANO 2008

CINCO VITORIAS DO XIRIA ACHÉGANLLE Á 2ª PRAZA

¡A POLO SEIS!

Contido

Actualidade 2

O Calvo Xiria suma cinco vitorias no mes de febreiro

Actualidade 3

O Ifecgás Pereira Xiria depende de si mesmo para xogar a fase polo ascenso

Reportaxe 4

Calvo Xiria e Magope Seis do Nadal xogan o partido do ano en Carballo

Xuvenil 6

Os Garaysa Xiria di practicamente adeus ao título de liga

Base 7

Os equipos benxamín e alevín entran en competición

Á ÚLTIMA 8

CINCO VITORIAS

CONSECUTIVAS ACHEGAN AOS DE MARCOS RODRÍGUEZ Á LOITA POLO ASCENSO

O SEIS DO NADAL COMEZA A SENTIR A PRESIÓN DO CALVO XIRIA E VE RECORTADA A SÚA DIFERENZA DE HAI UN MES



(C) CARGIL. SEIS DO NADAL

caixanova



O CALVO XIRIA SÓ SABE GAÑAR

O Calvo Xiria segue na boa liña e reafirmou, nun excelente mes de febreiro, a súa notable melloría. Cinco vitorias noutros tantos encontros, dous deles a domicilio, fan ao equipo de Marcos Rodríguez soñar coa segunda praza da clasificación. A inesperada derrota do Seis do Nadal fronte ao Cangas deixa aberta a loita pola segunda praza e parece que, nesta recta final de temporada, o Calvo Xiria chega en moito mellor momento, tanto físico como anímico. O conxunto carballés está a atopar, por fin, o seu xogo. A identidade do Calvo Xiria nace na rapidez das súas accións, crece co bo momento de forma dos seus xogadores e se



O Suso Fernández Ribeiro foi unha das vítimas do bo xogo actual do Calvo Xiria

reproduce con determinación e sangue frío nos momentos decisivos. Lalín (44-22), Tirso (39-42), Rasoeiro (35-34), Poio (21-31) e Suso Fernández Riberio (38-21) probaron nas últimas semanas a medicina dun Calvo Xiria que parece non ter teito nesta fase decisiva do campionato. Se a fortu-

na se pon do lado dos de Marcos Rodríguez, non debería estranar ver ao conxunto carballés xogar a promoción de ascenso a Nacional. Pouco a pouco, os carballeses achéganse ao nivel que se agardaba dun equipo que, agora si, pode soñar con xogar polo ascenso. Que siga a racha....



OS EQUIPOS ALEVÍN E BENXAMÍN MIXTO INICIAN A COMPETICIÓN

OS MÁIS PEQUENOS, A ESCEA

O mes de febreiro deixounos o inicio da competición nas categorías Alevín Mixta e Benxamín Mixta, competición na que Carballo, coa organización das Escolas de Balonmán Xiria, será un dos tres ou catro focos provinciais oficiais onde se desenvolva a competición -os outros lugares confirmados son a area da Coruña e de Ferrol-. A fase carballesa desenvolverase, nas dúas categorías, dende o 2 de febreiro ata o 10 de maio, en xornadas que terán lugar na mañá dos sábados no Pavillón da Zona Escolar de Carballo. Participan na categoría alevín mixta seis equipos, os tres equipos da Escolas de Balonmán Caixanova Xiria: Caixa-



nova Xiria A, Caixanova Xiria B e Caixanova Xiria C, e CEIP Fogar, CEIP Bergantiños e CEIP Razo. Na categoría benxamín tomarán parte os mesmos equipos agás o CEIP Razo. No seu lugar competirá o CEIP A Cristina. Cos equipos das Escolas de Balonmán Caixanova Xiria traballan os técnicos Marcos Rodríguez, Bruno López e Juan M.

Rodríguez. No CEIP Bergantiños Fernando Vázquez, no CEIP Fogar Juana Garrochena, no CEIP Razo Bruno López, e no CEIP A Cristina José Luís Fraga "Pi". A competición supón o primeiro paso de iniciación para os máis xóvenes valores da canteira carballesa, cos que o club segue a traballar desde idades moi tempranas.



A DERROTA FRONTE AO OAR DÉIXAO PRÁCTICAMENTE SEN OPCIONS

O GARAYSA XIRIA DI ADEUS Á LIGA

O Garaysa Xiria dilapidou prácticamente as opcións que tiña de conseguir o dobrete, ao cosechar dúas derrotas no campionato ligueiro que o afastan da loita polo título. A derrota en Camariñas foi o preludio dun mal final de campionato para o equipo de Marcos Rodríguez, que se confirmou cun novo tropezo ante o OAR na Coruña. O 21-16 final que refrecta o marcador deixa sen prácticamente opcións de título ao Garaysa Xiria, en detrimento do Camariñas. O obxectivo do conxunto carballeés será, agora, o de conseguir a segunda praza da



O Garaysa Xiria deberá certificar o seu pase ao Campionato Galego

clasificación, que dá dereito a xogar os Campionatos Galegos. Este ano, o torneo autonómico desenvolverase nunha fin de semana. O Garaysa Xiria ten un calendario asequible e, como fixo na Copa,

deberá demostrar a súa superioridade e facerse cun subcampionato que o permita codearse cos mellores equipos de Galicia. Confiemos en que o equipo xuvenil enderece o rumbo neste final de temporada.



O IFEGGÁS PEREIRA, NA BOA LIÑA

Outro dos equipos do Xiria que segue a crecer co paso de tempo é o Ifegás Pereira Xiria na Segunda Autonómica. O conxunto de Juan Manuel Rodríguez foi quen de derrotar ao líder Lugo a domicilio neste mes de febreiro, unha vitoria que confirma o potencial dos carballese. O empate fronte ao Pontedeume – outro dos equipos fortes da liga-, unido aos triunfos ante Grupo Mar e Viveiro, confirman ao Ifegás Pereira Xiria como un dos grandes candidatos a xogar a fase de ascenso a Primeira Autonómica. Os carballese dependen de si mesmos para conservar a terceira posición e, ademais, aínda contan con opcións



Actual plantilla do Ifegás Pereira Xiria

para asaltar as dúas primeiras prazas, que ocupan Pontedeume e Lugo. A calidade da plantilla, con xogadores con experiencia en categorías superiores e outros, como Manuel, nun momento de forma espectacular, fai atisbar esa posibilidade

real de xogar a fase de ascenso. O Ifegás Pereira Xiria conta con catro partidos por diante para confirmar a boa campaña coa consecución dunha das tres primeiras prazas da clasificación nesta Segunda Autonómica.



XIRIA VS SEIS DO NADAL:

SÁBADO, 15 MARZO, 17:00 H.



CALVO XIRIA

A FAVOR

O CALVO XIRIA NON PERDE DESDE O PARTIDO FRONTE Á SAR E GOZA DUN EXCELENTE MOMENTO DE FORMA QUE DEBE APROVEITAR FRONTE AO SEIS

EN CONTRA

A XUVENTUDE DA PLANTILLA PODE XOGAR UNHA MALA PASADA FRONTE A UN EQUIPO MÁIS EXPERIMENTADO, NUN CHOQUE TAN DECISIVO COMO ESTE

Será o partido máis importante para o Calvo Xiria dos últimos tempos. O Seis do Nadal, actual segundo clasificado, chega a Carballo cunha escasa renda que, de perder, o pode deixar sen fase de ascenso. Aí estará o conxunto de Marcos Rodríguez para tentar dobregar aos olívicos e asaltar un subchampionato que, vendo como se iniciou a temporada, sería un auténtico éxito. A falta de poucas xornadas para rematar a liga, o Calvo Xiria volve ter opcións de disputar una fase de ascenso. Será un partido difícil, fronte a un Seis do Nadal que chega a Carballo con presión e sabedor de que unha derrota o pode deixar

ALGO MÁIS QUE UN PARTIDO

PAVILLÓN MUNICIPAL DA ZONA ESCOLAR

SEIS DO NADAL

A FAVOR

O SEIS DO NADAL CONSEGUIU TRES VITORIAS E UN EMPATE NOS SEUS CATRO ÚLTIMOS ENFRENTAMENTOS CO CALVO XIRIA, ENGADIDA A FINAL DE COPA

EN CONTRA

A TENDENCIA DO EQUIPO NAS ÚLTIMAS XORNADAS E A DERROTA FRONTE AO CANGAS CONFIRMAN QUE NON ESTÁ NO SEU MELLOR MOMENTO PARA MEDIRSE AO XIRIA

sen subchampionato. A bo seguro que ambos conxuntos ofrecerán un bonito espectáculo. Tanto Xiria como Seis do Nadal optan por un xogo alegre e rápido, onde o contraataque e veloces transicións adquiren unha grande importancia. Na primeira volta, o Seis do Nadal foi quen de gañar ao Xiria, nun partido no que os de Carballo estiveran a punto de lograr unha remontada heróica. O conxunto olívico dispuxo dunha renda de dez goles na segunda metade e, ao final, só foi quen de vencer por dous goles de diferenza. Se aquel partido foi importante, o desta segunda volta antóxase vital para as aspiracións de uns e outros polo ascenso.

